

DESCRICIÓN DE OBXECTOS

Para describir un obxecto tes que ter en conta os seguintes aspectos:



O LAVALOUZA

1. Que é?

(Tipo de obxecto, electrodoméstico, moble, máquina, utensilio, aparello...)

O lavalouza é un electrodoméstico.

2. Como é?

(Forma, cor, tamaño, textura, material do que está feito...)

Ten forma de prisma. Xeralmente é de cor branca pero pode ser doutras cores ou estar a xogo cos mobles da cociña.

3. Que partes ten? Onde se atopan?

Na parte exterior ten unha porta onde se atopan os mandos que permiten poñelo en funcionamento. Dentro ten unha ou varias bandexas móbiles, onde se coloca a vaixela, e un recipiente especial para os cubertos. Na bandexa inferior colócanse os pratos, olas e sarténs; na bandexa superior colócanse os vasos, cuncas e copas.

4. Para que serve?

Serve para limpar os restos de comida da vaixela, cubertería, cristalería e utensilios de cociña.

1. ACTIVIDADE

Agora realiza ti a descripción deste reloxo de cuco.

Organiza a información de forma ordenada e en distintos parágrafos, procura non mesturar a información.

Podes ver como funcionan estes reloxo premendo na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=dllqQcJXX5I>



